

EXPEDIENTE: 2879/2023

Tipo procedemento: Selección de Persoal.

Resolución corrección de erros relación final de admitidos MONITOR/A TEMPO LIBRE

Por decreto de 28/06/2023 resolveuse declarar a relación definitiva de admitidos e excluídos dos candidatos presentados no proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para a contratación de monitores/as de actividades de tempo libre.

Con posterioridade á sinatura desta Resolución, advírtese polo departamento de persoal o erro en relación á documentación presentada pola candidata Lorena Sobrido Pérez, xa que se comproba que ten presentado o curso de monitora de tempo libre en data 21/06/2023 dentro do período de presentación de instancias.

Segundo o artigo art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Logo de revisada esta alegación e comprobados os requisitos esixidos na base 4ª das que rexen esta convocatoria, procede aprobar a modificación da relación de persoas admitidas e excluídas.

En base ó anteriormente exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aceptar a alegación presentada pola candidata Lorena Sobrido Pérez.

**Segundo.-** Modificar a listaxe de persoas candidatas definitivamente admitidas presentadas no proceso de selección para a creación dunha bolsa de traballo que sirva para a cobertura, mediante a contratación laboral temporal monitores/as de actividades de tempo libre que consta no decreto nº 2023-0838 de data de 28/06/2023 e, en consecuencia, incluír á seguinte candidata:

NOME	CELGA
LORENA SOBRIDO PEREZ	Exenta

**Terceiro.-** Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), esta rectificación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

**Cuarto.-** Notificar a presente resolución aos membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O alcalde

O secretario

